



As nosas Mans

Ano 2008

Revista da Lingua de Signos en Galego

nº 03



Costume, cultura, terra, historia, lingua...

*É a herdanza primordial,
que nos dá unha identidade.*

En elas, somos febles.

En modelo e sen autor.

Vulnerable as quimeras.

Veñan por nos sudor.

Publica: Asociación de Personas Sordas de Santiago de Compostela.
San Paio do Monte. s/n 15898 Santiago de Compostela
Apartado de Correos 615 Teléfono e Fax: 981.582.968
E-Mail asopssc@hotmail.com

Contido

1. Limiar.....	3
2. En acción.....	4
3. Locucións.....	19
4. Concello.....	29

Colaboradores:

M^a Lucia Figueiro Pérez
José Manuel Méndez Tajés
Luis Rendo Lareo
Patricia Bandín Trasbach
M^a Lorena Marcote Canosa
Ángel Montero García
M^a Luz Valiña Rodríguez
José Rodríguez Iglesias

Corrector en Lingua Galega:

Xulio Loureiro González

Coordinador:

Andrés Caamaño Hermida

Imprime: Grafisant, S.L.


Deposito Legal: C 3644-2008

Limiar

Neste terceiro número de “As Nosas Mans” o vocabulario relacionado co agro e o eido rural protagoniza unha boa parte dos contidos. Como aconteceu coa lingua oral do país, a comunidade xorda achou expresións nas súas mans que dotasen de orde e estrutura ao mundo no que habitaban, pero atopa unha grande diferenza, que é a marxinalidade e o falla de consideración que se facía dos xordos nun entorno que carecía de acceso maioritario e á educación nunha altura na que o traballo do campo ocupaba inmensas horas semanais. Desde a relación coas labores do campo e xunto aos animais confórmanse situacións específicas que fan preciso unha significación que aumenta cada día. No albur do século XXI o progreso do país significou a morte do mundo rural e da validez dos signos referidos a sachar, xunguir bois ou apañar herbas.

Coma calquera lingua viva estas expresións foron substituídas por outras que estivesen adecuadas ao seu tempo e espazo, pero manter a riqueza do léxico e aclarar cientificamente a delimitación e significado de verbas que, ata agora, permanecían nun longo esmorecemento por dúas causas: a primeira, xa a temos explicado: a muda da maioría da poboación cara os núcleos urbanos situados en Galicia ou outras cidade do Estado español ou a países de Europa a partires da década dos sesenta do século pasado. A segunda causa afecta especificamente á poboación xorda: por un lado, sofre a discriminación por pertencer a un universo galego falante, considerado com rudimentario e prohibido en niveis académicos, administrativos e ata cotiáns no novo entorno urbano no que tocaba desenvolverse. Por outra banda, sofre a discriminación da comunidade ouvinte máis próxima: o xordo é un “coitadiño” ao que lle resta unha vida allea ao decurso habitual de calquera. Con estas condicións en contra, a aportación da Lingua de Signos galega adquiriu os seus rasgos propios e definitorios, de grande precisión e que agora, só agora, comezan a ser considerados e estudados coma unha parte sustancia da Cultura galega, pero tamén un axente con identidade propia que ten que recorrer ás súas fontes (os falantes de maior idade ou os que posúan un maior coñecemento de signos en perigo de extinción).

A Lingua de Signos de Galicia segue a percurar as súas raíces para completar á Cultura Galega e para recoñecerse a sí mesma gracias á dedicación e o estudo dos colaboradores habituais. “As Nosas Mans” quere agradecer a todas as persoas que traballan pola transmisión dunha parte da nosa memoria colectiva como pobo e como individuos e, sen as cales, espa publicación non sería posible.



Envorcallar
Deitarse dando voltas e refregándose.



Mamar
Chuchar o neno, [o leite das mamas].



Mamar
Chuchar unha cría de animal



Mamar
chuchar o leite por cadansúa teta.




Lamber
Pasa-la lengua por.



Lamber
lamber un xeadó.



Lamber
Recibir [un golpe]. ¡Halas lamber!



Lamber
Tocar levemente ó pasar.
Por exemplo: O balón lambe o poste.




Lamber

Lamber o cu. Loar excesivamente a alguén e andar sempre detrás del para conseguir algún beneficio.



Lamber

lamber o pé. Loar excesivamente a alguén e andar sempre detrás del para conseguir algún beneficio.




Lamber

Lamber o bico. Relamberse.



Lamber

Lamber os fociños ou lamber os peteiros.




Atacar
Agredir.





Atacar
Comer ata fartarse



Defender
Facer que [algo ou alguén] non sufra prexuízo, como agresión, crítica, acusación, etc.




Defender
No inverno defendémonos do frío.
SIN. *abrigarse, ampararse, protexerse, resgardarse.*




Defender

Dar argumentos en favor de [unha idea, teoría, etc.]. SIN. *manter, soste*



Defender

Defender publicamente as súas ideas políticas.




Sementar

Espallar ou depositar [semente] [nunha terra de cultivo] para que se reproduza. SIN. *botar, plantar.*



Sementar

Botar ou deixar caer [algo] en distintas direccións.. SIN. *ciscar, espallar, espaxer*



Sementar

Cubrir [unha superficie] [de algo que se bota ou se deixa caer en distintas direccións].




Sementar

Provocar, dar orixe ou principio a [unha cousa].



Arar

Traballar [a terra] abrindo sucos ou regos co arado. SIN. *labrar*.




Segar

Cortar [cereais, herba, etc.].



Podar

Podar a viña



Podar

Cortar cada ano as pólas de [unha árbore ou arbusto].



Cavar

Traballar cunha aixada ou outro instrumento semellante [un terreo], removéndolle a terra ou abríndolle




Cavar

Facer [un oco ou concavidade] extraendo terra, pedra, etc.



PICAR

Provocar [a alguén] con palabras ou accións.




PICAR

Ferir [unha ave, un insecto ou certos réptiles] co peteiro ou co ferrón.



PICAR

Comer [un alimento] ós poucos, ou comer pequenas porcións dun ou varios alimentos para probalos ou como aperitivo.
SIN. *depenicar, petiscar*



PICAR

Producir no padal ou na lingua unha sensación de ardor [certos alimentos, como o pemento, a mostaza, etc.].




PICAR

Ferir superficialmente cun obxecto rematado en punta. SIN. *espiñar*




PICAR

Cortar ou partir [algo] en anacos moi pequenos. SIN. *triscar*



PICAR

Facer un ou varios buratos en [algo] cun obxecto rematado en punta.



PICAR


Golpear co pico, a pica ou outro instrumento apropiado [unha pedra, unha parede, etc.].



PICAR
 Producir comechón ou proído no corpo. SIN. *comer*




PICAR
 Morder [os peixes] o cebo.



PICAR
 Caer nun engano.




PICAR
 Ferirse superficialmente cun obxecto rematado en punta. *Picouse co coitelo.*




PICAR

Perder o aire que contiña [un pneumático, globo, etc.] ó resultar furado por un obxecto rematado en punta.




PICAR

Presentar un ou máis buratos [un tecido] pola acción da couza, do tempo, da humidade, etc.




PICAR

Estragarse [o viño, o leite].



PICAR

Sentirse [alguén] ofendido [por algo que se lle dixo ou fixo].



PICAR

Ter carie [unha moa, dente].



Serrar

Cortar coa serra.




Pintar

Representar [algo] debuxándoo con trazos ou con cores.



Pintar

Cubrir de pintura [unha superficie].




Pintar

Pintar os ollos.



Pintar

Pintar a cara.





Pintar

Pintar os labios




Pintar

**Descibir ou representar [unha cousa]
con palabras.**




Cravar

Introducir [un cravo ou outro obxecto rematado en punta] nun corpo ou superficie.




Cravar

Cravar o puñal no peito. SIN. *chantar*, *espetar*.



Cravar

Cravar puntas na parede.




Cravar

Cravar un cadro na parede




Cravar

Facer presión sobre [un corpo] contra un obxecto aguzado, de xeito que este quede introducido naquel. SIN. *chantar*, *espetar*.




Cravar

Introducir involuntariamente [un obxecto rematado en punta] nalguna parte do corpo.



Cravar

Bater [algo ou alguén] contra un obxecto aguzado e quedar este introducido naquel. SIN. *chantarse*, *espetarse*.




Cravar

Cravar os ollos.

Locucións



GARDAR CAMA.
Permanecer na cama por
prescrición medica.




BOAS FESTAS
Expresión con que se felicita
polas festas, especialmente
polas do Nadal e as de Pascua




FESTA DE GARDAR
Aquela na que hai que deixar
de traballar e hai que oír misa,
por mandato da igrexa




FESTA RACHADA
Festa grande, celebrada con todo o luxo e
sen que falte de nada.



Locucions



FALAR POR NON CALAR.
Falar por falar




FALAR POR NON CALAR.
Falar por falar




DAR SERVIZO.
Axudar [a alguen nun traballo
que estrealizando]




EN SERVIZO.
En disposicion de ser utilizado.




Locucións




¡FABAS CONTADAS;
Casos excepcionais.
ser algo certo claro e seguro




SER AGUDO COMA UN ALLO.
LISTO




ECHE VIÑO DOUTRA.
Ser outra cuestion diferente.



BOTAR LUME POLOS OLLOS.
Estar moi furioso.




Locucións



CANTA MÁIS PRÉSA MÁIS VAGAR.
Vai a modo que teño presa.




POUCA LA E POLAS SILVEIRAS.
Non ter nada.



TAN BO E XAN COMA PERICÁN.
Son todos iguais



NON TER PAPAS NA BOCA
Falar sen trabas.



Locucions




NON HAI COUSA CON COUSA.
Esta desordenado




FALAR REDONDO.
Falar claro



NIN TOSE NIN MOXE.
Non fai nada




PORSE TENSO.
Facer fronte




Locucións



Estar no allo. Saber do asunto. protagonista



Estar nas verzas, andar nas nubes. distraído



Nin mel nin fel. Regular



Coller alguen nas patacas. Pillar desprevido




Locucións



Chover as cuncas

Chover a cachón, chover a cántaros,
chover a mares, chover a xerros.
Chover moito e moi forte.



DAR DERRADEIRA BOQUEADA.
Finar, morrer




NON BOQUEAR PALABRA.

**Non abrir a boca,
non dicir nada**



MOITA BORRA E POUCA PLANTA.
**Aplicase á persoa que presume
do que non é ou non ten.**

Locuções



BOTAR A MAN
Roubar.



BOTAR A LINGUA A PACER
Falar de máis.
[en lingua de Signos]



BOTAR A LINGUA A PACER
Falar de máis. [en L.O.E.]




BOTAR POR
Empuxar,empurrar

Locucións



DAR NO BRANCO
Atinar, acertar



QUEDAR EN BRANCO
No recordar



A VARRER
En abundancia



**VARRERSE O MUNDO
OU VARRERSE A VISTA**
Perderse por un momento a
vista e o sentido do equilibrio.



Locucións



AUGAS FECAIS
Augas procedentes dos retretes das vivendas.




**FACERSE AUGA NA BOCA ou
VIRSE A AUGA Á BOCA**
Desexar algo vivamente,
especialmente cando se trata de
 cousas de comer.



FACER AUGA
Entrar auga nunha embarcación
por algún orificio.



FACER NOITE NUN SITIO
Parar nun sitio para durmir



Concello



CONCELLO

Corporación constituída polo alcalde e os concelleiros, que ten ó seu cargo a administración dun municipio.



O MUNICIPIO

Territorio gobernado por un alcalde e os concelleiros



A ALCALDESA



O ALCALDE

Presidente do concello ou corporación municipal, primeira autoridade no goberno do concello.



O EDIL

Cada un dos membros que, xunto co alcalde, teñen ó seu cargo a administración dun concello. SIN. *concelleiro*.



A SECRETARIA

Persoa que, nunha oficina, organismo, asemblea ou corporación, se encarga da súa organización e funcionamento.




O SECRETARIO



O TENENTE DE ALCALDE

Concelleiro que exerce certas funcións da alcaldía.




Concello



O FUNCIONARIO

Persoa que desempeña un cargo ou emprego público.



A FUNCIONARIA




O CHOFER

Persoa que conduce un automóbil, por oficio.



A CHOFER





Língua de Signos en galego



ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
(DECLARADA DE UTILIDAD PÚBLICA)

Subvencionado pola Presidencia da Xunta de Galicia.
Secretaría Xeral de Política Lingüística.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística